

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



Exp.: 19157-101

INFORME SOBRE A XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E IDONEIDADE PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS E EVENTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO.

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2022 adoptou o acordo de aprobación do expediente 18895-101 "Contratación por procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo" por un importe total de 110.149,68 € (co iva incluído) sendo o importe do 10% de ivo 10.013,61 €.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de agosto de 2022, adoptou o acordo de declarar desertos os lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101) porque o único licitador presentado non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado a súa proposición sen encriptar (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").

Este informe-proposta redáctase en cumprimento co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que recolle a obrigatoriedade de xustificar a esixencia de motivación e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación pública, así como os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

- a) Representar ao Concello.
- b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

A Alcaldía, como superior órgano de goberno desta administración municipal, desenvolve diferentes actuacións institucionais, ocupándose da organización das recepcións oficiais que se realizan en dependencias municipais por tratarse de actos institucionais, en concreto, por delegación de data 26.06.2019, a Concellería delegada da Área de Xestión municipal encárgase da xestión administrativa en relación coa área administrativa da Alcaldía.

O normal desenvolvemento destas atribucións de carácter protocolario implican a necesidade de contratación de servizos de catering para recepcións en actos e eventos institucionais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 1 de 3
19157-101	CSV: ABADB8-A6E94A-AF2A36-NKCLK7-9Q7XAK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



A Concellería de Xestión Municipal, e en concreto a Alcaldía encargase da organización de recepcións e eventos de carácter institucional en representación do Concello de Vigo ao longo de todo o ano.

Neste contrato terán que incluírse todos os servizos e subministro de materiais inherentes ao concepto de catering para cada unha das tipoloxías: produtos, preparación dos produtos, transporte, entrega, montaxe e recollida, todos os materiais de manaxe necesarios, incluídos aparatos para manter a comida quente, ademais do mobiliario necesario (mesas de apoio, mesas redondas, cadeiras), roupa de mesa, servizo de camareiros/as, e calquera outro material necesario. Sendo as tipoloxías de servizos as seguintes:

- 1) Servizo de catering para almorzo ou "coffe break" (recesos de charlas, reunións de traballo, plenos, cursos ou calquera evento).
- 2) Servizo de catering para cafés, infusións para roldas de prensa.
- 3) Servizo de catering para aperitivo ou cóctel (con doce).
- 4) Servizo de catering para vino español.
- 5) Servizo de catering para xantar ou cea.
- 6) Bolsa "brunch" ou almorzos empaquetados para eventos informais fora de instalacións municipais
- 7) Subministro de augas embotelladas para actos, eventos e reunións: 10.000 unidades de 500 ml.

En cumprimento do establecido no art. 99.3 da Lei 9/2017, determínase a realización por lotes das diversas tipoloxías de servizos, sendo o número de lotes SETE.

O período de execución do contrato é dun ano mais tres anos de prorroga dende a sinatura do contrato.

O presente contrato está previsto no "Plan anual de contratación" para o ano 2022 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente.

O importe da licitación podería tramitarse con cargo ao crédito existente na bolsa de vinculación correspondente, da partida 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno).

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

da Alcaldía.

En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e D.Ad.2ª.4 da LCSP e as delegacións de competencias da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados



ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, e resolución de alcaldía de modificación de data 16 de abril de 2021, elévase á Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, Patricia Rodríguez Calviño a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

"Iniciar o expediente administrativo para a CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS E EVENTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO.

LGD

Na data da sinatura dixital,
A Xefa da unidade administrativa da Alcaldía, Luz María González Domínguez

CONFORME

A Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal.-
Patricia Rodríguez Calviño

DECRETO

Vista a precedente proposta, RESOLVO de conformidade coa mesma.

Na data da sinatura dixital.
A Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal.-

Dou fe: A secretaria Admón. Municipal
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 3 de 3
19157-101	CSV: ABADB8-A6E94A-AF2A36-NKCLK7-9Q7XAK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		